Galicia Encantada



Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Que sabemos da marta, da garduña e da xeneta?

Moita xente confunde a marta (*Martes martes*) e a garduña (*Mustela foína*) pero son dous animais diferentes. A marta ten o pelo do peito amarelo e a garduña teno desde o peito á gorxa de cor branca. Polo demais, son animais moi parecidos. Os dous son mamíferos carnívoros; os dous teñen a cola moi longa, son escurridizos, matan e comen carne de todo tipo (ratos e ratas, galiñas, toupas□), e tamén gostan dos ovos, tanto de galiñas como de paxaros.

Garduña, ademais de ser o nome deste animal, éo tamén dunha planta espiñosa da que se di que ha recubrir o mundo nos últimos días.

Marta seica tamén é nome dunha ave nocturna, parecida á curuxa. Aínda que esta interpretación poidera deberse a unha confusión, pois o mamífero garduña □ladra□, ou sexa, emíte sons parecidos aos da curuxa e móvese con soltura polas árbores. Dise en Marín:

Gharduña,

arría o pito da uña. (Rodríguez 1958)

Outro animal de costumes parecidos a estes é a xeneta (*Genetta genetta*) pero aseméllase máis a un gato montés, aínda que ten a cabeza redonda e máis pequena, e o pelello que lle recobre o corpo ten manchas negras. As xenetas teñen sona de vampiresas pois dise que entran nos galiñeiros para zugar o sangue das galiñas. Logo,

se poden ou se nada se interpón, arrastran o corpo da vítima ata as súas goridas para comelos.
En Galicia e indistintamente segundo as comarcas, tanto a marta como a garduña e a xeneta reciben outros nomes: *rabisaco, faína, fuíña, gatela, algaia, gato de algalia (gato dalgalia), martaraña, martarata, martorana, martuxa, martucho, martuxo e marta das galiñas*.
Cremos, sen embargo, que □rabisaco□ só se pode referir á xeneta, pois este é o único dos tres animais que leva un saco ou bolsa xunto ao ano do que se desprende un olor moi forte. Aínda que esta palabra parece que tamén significa □inquedo□, e inquedos, abofé, son calquera dos tres animais.

Señora Santa María,
Señora Santa Susana,
libraim□á miña alma
d□á boca d□á martarata. (Casal 2000)
©AReigosa


MARTA


GARDUÑA



BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía consultada

ACUÑA TRABAZO, Ana y GARROSA GUDE, José Luis. Os nomes dos animais, das doenzas e doutros elementos relacionados coas crenzas en Galicia: estudo comparativo. Culturas Populares. Revista Electrónica 2 (mayo-agosto 2006), 21 pp. http://www.culturaspopulares.org/textos2/articulos/acunagarrosa.pdf

CASAL LOIS, J. (200). Colección de Cantares Gallegos (ed. de Domingo Blanco). Consello da Cultura Galega e Museo de Pontevedra.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958-1961). Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Galaxia. Vigo.